

# Uns quince pontevedreses tratan de deixar o xogo coas terapias de AGAJA

Os ludópatas e os seus familiares asisten a encontros durante preto dun ano e medio. Os especialistas alertan do incremento dos casos de adicións en mozos

LUSA PÉREZ

**Pontevedra** | "No paro de jugar y jugar a las máquinas tragaperras... Cuando juego soy feliz, pero cuando acabo y pierdo me siento jodido, con depresiones graves. A ver si me podéis ayudar". O caso relatado por Matias no foro da Asociación Gallega de Jugadores de Azar pode ser unha broma de mal gusto ou a realidade dun ludópata. A entidade atópase de cotío con persoas que padecen un problema de carácter envolvente contra o que a axuda psicolóxica transfórmasse no tratamento básico.

Son atractivos, luces de cores, tintineo das moedas e fácil acceso. Son só algunhas das características das máquinas comeartos, preto das que é posible atopar, a calquera hora do día, a un cidadán anónimo que cambia billetes na barra de xeito compulsivo. Son estes aparellos os que motivan a maior parte dos problemas de adición ó xogo: os cálculos apuntan a que o 80 por cento dos "enfermos do xogo" o son polas máquinas do tipo "B", non por acudir a bingos ou a casinos. "Motivou a maioría de casos. Más de la mitad de la recaudación correspondiente al juego viene de la tragaperras", apunta o director terapéutico da Asociación Gallega de Jugadores de Azar, Juan Lamas Alonso.

Á sede provincial desta entidade — que conta con convenios de colaboración co Sergas e coa Deputación Provincial de Pontevedra — recíbese en Vigo dúas veces por semana a máis dun cento de persoas con problemas de adicións. Aínda que tamén trata casos de comportamento compulsivo nas compras ou no uso da internet, a maioría dos que asisten son ludópatas. Aproximadamente unha quincena das persoas que toma parte nas terapias son de Pontevedra.

**A "desesperación"** | Chegan a AGAJA procedentes de centros de saúde, médicos de atención primaria, unidades de saúde mental, asociacións ou servizos sociais dos concellos. É o principal problema é que cada vez son máis novos: "Llevamos trabajando diez anos. Y la única diferencia es el descenso de edad de incorporación a la adicción. Si entonces hablábamos de pacientes en un intervalo de edad de 35 a 45 años, ahora estamos hablando de un intervalo mayoritario de 18 a 25", comenta o director terapéutico.



As persoas que xogan ós comeartos de xeito compulsivo sofren de cotío problemas de alcoholismo e acumulan débedas. Deter a conduta pode ocasionar irritabilidade, trastornos do sono, dixestivos ou tremores. **JUAN FREIRE**

A vida do xogador compulsivo pode asemellarse a unha deprimente viaxe por un laberinto. De feito, a terceira fase do proceso que atravesan estes enfermos coñécese como "desesperación". Deter a conduta do xogo pode ocasionar síntomas fisiolóxicos como irritabilidade, trastornos do sono, dixestivos ou tremores. Logo vén a enorme cadea de problemas persoais, sociais, familiares e económicos que conleva o xogo: consumo de drogas (sobre

todo de alcol), ansiedade, depresión, fillos que pasan a ser poboación de risco, illamento social, ausencias no posto de traballo e o gasto de enormes cantidades de cartos que incluso pode motivar as actividades delitivas, nas que non acostuma a haber violencia.

Cando o xogador e os seus familiares (se os ten) son recibidos polos responsables desta asociación de axuda, realízase unha avaliación na que diagnósticase ó afectado. Inco-

pórase entón ás terapias de grupo dúas veces por semana, un tratamento ambulatorio, e unha sesión cun psicólogo cada quince días. O familiar non é só un testigo. Asiste á mesma psicoterapia nas instalacións emprazadas na rúa Gregorio Espino (número 38). Por lóxica, en moitos casos son os propios familiares os que dan a alerta: "En la mayoría de los casos son ellos quienes los traen, incluso medio obligados", manifesta Juan Lamas Alonso.

**A** perda de control é o sintoma básico da existencia dun problema de adición. Non só no relativo ó xogo, senón en tódalas condutas compulsivas. "Si acaso cuando uno se plantea dejarlo por los problemas que le trae y ve que no es capaz es cuando tiene que empezar a preocuparse y valorar si hay síntomas adictivos", apuntan desde AGAJA. Superar o problema, pese ó apoio

**...vademécum**

## Moitos enfermos deixan o tratamento

constante destes profesionais non é tarefa fácil, unha afirmación que despréndese do alto índice de abandono das terapias. Entrar neste túnel é, por suposto, moito máis doado que saír. Chégase por distintas

vías: características da personalidade ou problemas puntuais, unha aterraxe seguramente apoiada polas importantes mensaxes subliminales coexistentes con respecto ó xogo. "A partir de ahí, el propio caudal

adictivo del jugador de azar los engancha".

"Estamos ante un tratamiento psicológico, sin fármacos y necesita de la intención del individuo de dejar el juego y de un gran apoyo familiar a social. Primero para poder llevar a cabo la conducta de abstinencia y después para la reestructuración cognitiva de todos los patrones de pensamiento que tiene el jugador", comenta neste senso Juan Lamas.

Un negocio que move máis de 1.307 millóns de euros en Galicia

■ A poboación galega dedicou máis de 1.300 millóns de euros no 2005 ó xogo. Son os datos del Informe Anual del Juego en España correspondentes a ese ano, o último publicado pola Subdirección General de Estudios y Relaciones Institucionales, dependente do Ministerio del Interior.

Esta enorme cantidade correspóndese coa suma do destinado ós xogos de xestión privada, ás lotarías e apostas do Estado e á ONCE. Os primeiros son os que xeneran un maior movemento de capital, con 722 millóns de euros, divididos en casinos, bingos e máquinas do tipo "B". As comeartos lévanse unha boa parte dos mesmos, cun total de 539 millóns de euros xogados en Galicia durante 2005. Ademais, a variación con respecto ó ano anterior foi dun 38,39 por cento, segundo os datos arroxoados pola mesma memoria do Estado.

Os galegos adicaron nese período 247 millóns de euros a Lotaría Nacional, o xogo dependente do Estado que conta con maiores cifras de gasto, por diante da Primitiva, que recaudou en 2005 algo máis de 153 millóns de euros. Á ONCE, pola súa banda, supuxo o movemento de máis de 68 millóns de euros durante esa anualidade. Galicia conta con dous casinos, un deles emprazado na coruña e outro na Toxa (municipio do Grove). As salas de bingo, pola súa banda, son 18.

**Número de máquinas** | En canto a máquinas de tipo "B", denominación que engloba ós xogos nos que, a cambio do prezo da partida, o usuario conta cun tempo de xogo e, dacordo co programa, pode recibir un premio en metálico, descendéron en Galicia entre 2004 e 2005. O estudo reflexa que nas catro provincias da autonomía hai rexistradas case 12.000 máquinas comeartos.



**Es un** tratamiento psicológico, necesita de la intención del individuo y de un gran apoyo"

**Juan Lamas**  
Fidagogo AGAJA

**OCASO**  
SELECCIONA  
PARA LA OFICINA DE PONTEVEDRA  
2 PLANES DE CARRERA  
y 2 COBRADORES  
Interesados llamar al teléfono  
619.627.229

**MANDOS A DISTANCIA**  
MÁQUINAS DE TABACO - HOMOLOGADAS  
MEJORES PRECIOS - INSTALACIÓN GRATUITA  
INFORMACIÓN TELÉF.: 629 824 647

### No paro de jugar.

Quando juego soy feliz, pero cuando acabo y pierdo me siento jodido"

[Matias]

Usuario do foro de AGAJA

### La única diferencia

desde que empezamos es el descenso de edad de la incorporación a la adicción"

[Juan Lamas]

Director terapéutico de AGAJA